


GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS EN APROVEITAMENTOS FORESTAIS

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral



Galicia
inviste no **RURAL**



GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS EN
APROVEITAMENTOS FORESTAIS

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral
Santiago de Compostela

2015

Edición: Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA)
Casa da Parra - Praza da Quintana, s/n
Santiago de Compostela
issga.xunta.es
Santiago de Compostela, decembro 2015

Coordinación: Técnicos do ISSGA
- Gasalla Regueiro, Manuel
- López Aenlle, Álvaro José
- Varela Cerdeira, Esther

Deseño e maquetación: Conforma Forestal, S.L.



© ISSGA. Xunta de Galicia.
Guía de boas prácticas_Prevenición de riscos
laborais en aproveitamentos forestais

Esta obra está dispoñible para a súa consulta e descarga na seguinte ligazón:

<http://issga/portal/contido/documentacion/publicacions/>

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución-Compartirlgual 4.0 España de Creative Commons. Para ver unha copia da licenza, visite:

https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES

ÍNDICE

Presentación	07
SITUACIÓN DO SECTOR FORESTAL EN GALICIA	08
CARACTERÍSTICAS	10
TAREFAS	11
12 CONSELLOS ÚTILES	12
BOAS PRÁCTICAS	14
TRABALLOS DE APROVEITAMENTO	15
- PLANIFICACIÓN DOS TRABALLOS DE APROVEITAMENTO	16
RISCOS	16
MEDIDAS PREVENTIVAS NA TÚA MAN	17
- CORTA POLO PÉ E PROCESAMENTO CON MOTOSERRA	
RISCOS	16
MEDIDAS PREVENTIVAS NA TÚA MAN	17
- TRABALLO CON MAQUINARIA FORESTAL PESADA	
RISCOS	22
MEDIDAS PREVENTIVAS NA TÚA MAN	23
CORTA POLO PÉ E PROCESAMENTO CON PROCESADORA FORESTAL	28
SACA CON AUTOCARGADOR OU TRACTOR FORESTAL	32
TRABALLOS POSTERIORES AO APROVEITAMENTO	36
- TRANSPORTE	
RISCOS	38
MEDIDAS PREVENTIVAS NA TÚA MAN	39
MULLER NO SECTOR FORESTAL	42
VIXILANCIA DA SAÚDE	44

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) configúrase como o órgano técnico da Xunta de Galicia en materia de prevención de riscos laborais.

Para o cumprimento dos seus fins, o Instituto desenvolve diversas accións de información, divulgación e formación, en materia preventiva.

Os plans de actividades do ISSGA dos últimos anos prestan unha especial atención ás distintas actividades económicas do sector primario galego, entre as cales se atopa a actividade dos aproveitamentos forestais.

Deste xeito, o ISSGA vén elaborando diverso material formativo e informativo dirixido aos traballadores e traballadoras do sector primario, con distintos formatos: guías de boas prácticas, trípticos, carteis, fichas divulgativas, ou mesmo vídeos.

Os aproveitamentos forestais na nosa comunidade autónoma teñen unha serie de características e peculiaridades propias que cómpre ter en conta á hora de deseñar neste ámbito laboral unha axeitada política preventiva. Deste xeito, a dispersión xeográfica da actividade, a disgregación da propiedade, a elevada porcentaxe de traballadores e traballadoras por conta propia existentes no sector, a diversidade de tarefas que requiren o manexo de equipos de traballo complexos, a actividade ao aire libre ou a concorrencia habitual de diferentes empresas nun mesmo centro de traballo, convértense en factores importantes neste sector que non se poden obviar.

A finalidade desta publicación é proporcionar ás persoas traballadoras dos aproveitamentos forestais unha ferramenta para mellorar as súas condicións de traballo, co fin que desenvolvan as súas tarefas de xeito seguro e saudable.

Con esta publicación agardamos ter cumprido o obxectivo formulado e que se logre mellorar a seguridade e saúde laboral deste colectivo.

Adela Quinzá-Torroja García
Directora do ISSGA

SITUACIÓN DO SECTOR FORESTAL EN GALICIA

Galicia é unha importante potencia forestal a nivel europeo. Conta cunha superficie forestal arborada de 1.405.451 hectáreas, o que supón aproximadamente o 48% de todo o seu territorio.

A actividade de primeira transformación da madeira representa o 3% do PIB galego. A industria galega da madeira factura cada ano preto de 1.330 millóns de euros, proporcionando un número aproximado de 50.000 empregos, 600 empresas industriais e comercializadoras, e 2.400 empresarios autónomos. O 70% destas empresas aséntanse en poboacións de menos de 5.000 habitantes (fonte: Xunta de Galicia, Consellería do Medio Rural e do Mar).

O sector forestal desempeña, polo tanto, un papel estratéxico en Galicia polo seu peso económico e social, debido á xeración de emprego e renda nas áreas rurais, o cal incide finalmente na fixación de poboación.

A distribución da superficie forestal segundo a súa titularidade é a seguinte (na táboa, datos en hectáreas):

ÁMBITO	PÚBLICO	ENTIDADES LOCAIS	PRIVADOS	MVMC	DESCOÑECIDOS	TOTAIS
Galicia	36.934	8.443	1.385.550	608.646	-	2.039.573
España	1.495.641	6.160.225	15.747.622	618.151	3.504.074	27.525.712

Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, 2008 IFN3.

Os datos recollidos de cortas totais de frondosas e coníferas son os seguintes (na táboa, cantidades en m³ con cortiza):

ÁMBITO	FRONDOSAS	CONÍFERAS	TOTAIS
Galicia	4.089.500	3.287.900	7.377.400
España	5.787.587	6.501.290	12.288.877

Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, 2008 IFN3.

Polo tanto, Galicia co 7,4% da superficie forestal do estado xera un volume de madeira que está en torno ao 60% do total.


CARACTERÍSTICAS



Dispersión xeográfica da actividade en zonas rurais.



Alta porcentaxe de traballadores por conta propia.



Traballo ao aire libre que moitas veces expón os traballadores a condicións climáticas extremas (calor, frío...).



Descoidase a vixilancia da saúde en materia de prevención de riscos laborais.



Tarefas que requiren o manexo de equipos de traballo complexos con riscos asociados ao seu uso.



Elevada incidencia de enfermidades debidas á exposición continuada a condicións de traballo adversas: posturas, ruídos, vibracións...



Concorrenza habitual de diferentes empresas nun mesmo centro de traballo.



Sector cun alto índice de sinistralidade laboral.

TAREFAS

A actividade diaria nun aproveitamento forestal vai depender da fase na que se atopa o dito aproveitamento, dos condicionantes ambientais e dos medios dispoñibles. É habitual tamén que determinadas tarefas sexan realizadas conxuntamente por persoal e medios de empresas diferentes.

As principais actividades realizadas polos traballadores nun aproveitamento forestal son as seguintes:

- Planificación dos traballos de aproveitamento.
- Corta polo pé e procesamento con motoserra: corta polo pé, corte de pólas, corte en toradas e amoreamento.
- Traballo con maquinaria forestal pesada.
 - Corta polo pé e procesamento con procesadora forestal.
 - Saca con autocargador ou tractor forestal.
 - Traballos posteriores ao aproveitamento.
- Transporte de madeira.



12 CONSEJOS ÚTILES

- 01 Planifica as diferentes actividades que se van realizar e, se é o caso, coordínate coas outras empresas que traballen na mesma zona.
- 02 Respecta os procedementos de traballo específicos establecidos para cada tarefa.
- 03 Emprega os equipos de protección individual (EPI) axeitados para cada tarefa.
- 04 Se fose necesaria a manipulación manual de cargas, emprega técnicas de manipulación correctas.
- 05 Le o manual de instrucións dos equipos de traballo e segue as súas indicacións.
- 06 Respecta as distancias de seguridade recomendadas.
- 07 Comproba que os elementos e dispositivos de seguridade dos equipos de traballo estean en correcto estado.
- 08 Emprega equipos de traballo axeitados ás condicións da tarefa que vaias realizar: tamaño, potencia, capacidade...
- 09 Lembra que os traballos con motoserra e maquinaria forestal pesada deben realizalos profesionais con formación teórica e práctica específica do seu posto de traballo, e que estean autorizados para o seu manexo.
- 10 Se estás embarazada informa ao médico das tarefas do teu posto de traballo e segue as súas indicacións.
- 11 Dispón sempre dunha caixa de primeiros auxilios na zona de traballo e fórmate na materia.
- 12 Vixía a túa saúde, fai recoñecementos médicos iniciais, periódicos e tras ausencia prolongada por motivos de saúde.

BOAS PRÁCTICAS

TRABALLOS DE APROVEITAMENTO

- Planificación dos traballos de aproveitamento
- Corta polo pé e procesamento con motoserra: corta polo pé, corte de pólas, corte en toradas e amoreamento
- Traballo con maquinaria forestal pesada
 - Corta polo pé e procesamento con procesadora forestal
 - Saca con autocargador ou tractor forestal
 - Traballos posteriores ao aproveitamento
- Transporte de madeira



PLANIFICACIÓN DOS TRABALLOS DE APROVEITAMENTO

RISCOS

- Caída de persoas ao mesmo e distinto nivel
- Caída de obxectos por derruba ou obxectos desprendidos
- Choques contra obxectos móbiles ou inmóbiles
- Atrapamento por envorcamento de máquinas ou vehículos
- Exposición a temperaturas ambientais extremas
- Accidentes causados por seres vivos




MEDIDAS PREVENTIVAS NA TÚA MAN

A planificación é o proceso de determinar obxectivos e definir a mellor maneira de acadalos dende diversos puntos de vista, entre eles, a seguridade de todos os traballadores.

Durante os traballos de planificación das tarefas do aproveitamento ten en conta os seguintes consellos:

- Realiza un recoñecemento previo da zona de traballo.
- Fai un mapa sinxelo onde aparezan: zonas significativas, obstáculos, zonas de perigo e deficiencias detectadas.
- Comproba o estado dos accesos ao monte, as vías de saca e cargadoiros.
- Planifica as infraestruturas que sexan necesarias e arranxa as que presenten defectos.
- Coloca carteis informativos para o persoal da obra advertindo dos riscos e as medidas preventivas.
- Sinaliza adecuadamente os accesos á zona de traballo e as zonas de risco con carteis de advertencia.
- Asegúrate de que todo o persoal da obra coñece os procedementos de traballo e protocolos de emerxencia.
- Anticípate ás posibles incidencias e distribúe e organiza os traballos atendendo aos criterios establecidos.



CORTA POLO PÉ E PROCESAMENTO CON MOTOSERRA

RISCOS



- Caída de persoas ao mesmo e distinto nivel
- Caída de obxectos por derruba ou obxectos desprendidos
- Caída de obxectos en manipulación
- Choques contra obxectos móbiles ou inmóbiles
- Golpes/cortes por obxectos ou ferramentas
- Proxección de fragmentos ou partículas
- Atrapamento por ou entre obxectos
- Sobreesforzos
- Exposición a temperaturas ambientais extremas
- Contactos térmicos: queimaduras
- Incendio
- Accidentes causados por seres vivos
- Ruído e/ou vibracións
- Fatiga física por: posición, desprazamento, esforzo e/ou manexo de cargas



MEDIDAS PREVENTIVAS NA TÚA MAN

A CORTA POLO PÉ

- Antes de empezar o traballo coa motoserra comproba o bo funcionamento dos dispositivos de seguridade, e revisa a tensión, afiado, e engraxamento da cadea.
- Selecciona dúas rutas de escape en diagonal e cara atrás da caída prevista.
- Limpa de vexetación e obstáculos as rutas de escape, a zona arredor da árbore e o propio fuste.
- Fai o corte “de entalladura” no lado onde queres dirixir a caída e o corte “de caída” no lado oposto uns 3 cm por riba do corte horizontal da entalladura. Deixa unha bisagra sen cortar entre ambos os cortes.
- Mantén a distancia de seguridade (2,5 veces a altura da árbore), asegurándote antes de abater a árbore que non haxa ninguén na zona de caída.
- Utiliza o EPI axeitado.





CORTE DE PÓLAS: A DERRAMA

- Traballa só no fuste, cos pés ben asentados e do lado superior da ladeira en terreos con pendente.
- Comeza a derrama dende o toco ata a parte máis estreita descargando o peso da motoserra sobre o fuste.
- Alivia tensións nas pólas grosas realizando cortes intermedios.
- Utiliza o método do péndulo nas árbores con pólas delgadas e distribuídas aleatoriamente e o método da panca no caso de árbores con pólas agrupadas en verticilos.



CORTE EN TORADAS

- Analiza as tensións e limpa a zona de traballo.
- Traballa só no fuste, cos pés ben asentados e do lado superior da ladeira en terreos con pendente.
- Comeza o corte no lado onde a madeira estea sometida a compresión e remátao na parte onde estea sometida a tensión, de ser o caso.

AMOREAMENTO DAS TORADAS

- Procura evitar o amoreamento manual.
- Se non é posible evitar o amoreamento manual recoméndase:
 - Pide axuda a outras persoas se fose necesario (figura 1).
 - Reduce a distancia de transporte cunha boa organización das tarefas.
 - Despexa de obstáculos a zona que hai que percorrer.
 - Utiliza ferramentas auxiliares que faciliten a tarefa e procura rodar ou xirar as toradas en lugar de levantalas.
 - Escolle unha zona de terreo estable e non subas moito a altura da morea (<1 m).
- Asegura as moreas en zonas de pendente acusada utilizando tocos, estacas espetadas...
- Escolle o método axeitado de corte e reunión de madeira para prever sobreesforzos.
- Ten presentes as técnicas de manipulación manual de cargas correctas para evitar sobreesforzos (figura 2).

Figura 1.




Figura 2.



- Levanta o obxecto gradualmente, sen movementos bruscos e coa columna vertebral recta e vertical
- Mantén os brazos pegados ao corpo e o máis estirados posible
- Non levantes unha carga pesada por enriba da cintura nun só movemento

TRABALLO MAQUINARIA FORESTAL PESADA

RISCOS

- Caída de persoas ao mesmo e distinto nivel
- Caída de obxectos por derruba ou obxectos desprendidos
- Caída de obxectos en manipulación
- Choques contra obxectos móbiles ou inmóbiles
- Golpes/cortes por obxectos ou ferramentas
- Proxección de fragmentos ou partículas
- Atrapamento por ou entre obxectos
- Atrapamento por envorco de máquinas ou vehículos
- Sobreesforzos
- Exposición a temperaturas ambientais extremas
- Contactos térmicos (queimaduras)
- Contactos eléctricos
- Accidentes causados por seres vivos
- Incendio
- Atropelos ou golpes con vehículos
- Ruído e/ou vibracións
- Fatiga física por: posición, desprazamento, esforzo e/ou manexo de cargas



MEDIDAS PREVENTIVAS NA TÚA MAN

- Comproba regularmente o funcionamento e o correcto estado de todos os elementos e dispositivos de seguridade da máquina:
 - ROPS: estruturas de protección fronte ao envorco.
 - FOPS: estruturas de protección fronte á caída de obxectos.
 - OPS: estruturas de protección fronte á penetración de obxectos.
 - Outros: escadas e agarradoiras, etiquetas de seguridade, interruptor de seguridade para porta de cabina, cinto de seguridade, dispositivo de parada de emerxencia, extintor, saída de emerxencia e caixa de primeiros auxilios.
- Utiliza o equipo de protección individual axeitado segundo a tarefa:
 - Calzado de seguridade con sola antiesvaradía e punteira reforzada.
 - Roupa de alta visibilidade.
 - Casco e protectores auditivos.
 - Lentes de protección.
 - Luvas.






- Sigue todas as indicacións do fabricante cando vaías realizar as comprobacións diarias e os mantementos periódicos da máquina e/ou partes da mesma.
- Mantén as etiquetas de seguridade limpas e ben visibles, se é preciso repón as que estean danadas ou ilexibles.
- Sube e baixa de cara á cabina polas escadas e plataformas de acceso.
- Usa asentos ergonómicos e axústaos as túas características físicas.
- Traballa coas portas e xanelas pechadas e regula os retrovisores correctamente.
- Fai pequenos descansos e procura alternar tarefas.





- Nos desprazamentos polo monte é recomendable que sigas os seguintes consellos:
 - Adapta a conducción ás características da zona de traballo.
 - Evita os xiros bruscos e o desprazamento sobre moreas de refugallos, toradas ou pedras.
 - Procura desprazarte en liña de máxima pendente.
 - No caso de ter que circular en curva de nivel manexa amplas marxes sobre os límites especificados polo fabricante e, se a máquina dispón de guindastre, esténdeo parcialmente cara a parte superior da ladeira.
 - En caso de envorco o máis seguro é permanecer dentro da cabina co cinto posto. Non saltes fóra!





- Nos traballos preto de liñas eléctricas é recomendable que sigas uns consellos:
 - Mantén as distancias de seguridade e acouta a zona restrinxida.
 - Establece rutas de circulación seguras.
 - Extrema as precaucións, reduce as velocidades de circulación e de movemento do guindastre e outras partes móbiles.
 - Asegúrate de que ningún traballador que non sexa o maquinista entra en contacto coa máquina sen autorización.
 - No caso de contacto accidental:
 - » Queda dentro da cabina.
 - » Advirte do perigo e asegúrate de que ninguén se achegue.
 - » Tenta separar o guindastre e se non o consegues, queda na cabina e avisa á compañía eléctrica.
 - » Se tes que saír da cabina salta cos pés xuntos ata afastarte do perigo.

CORTA POLO PÉ E PROCESAMENTO CON PROCESADORA FORESTAL



1 Estruturas de protección fronte ao envorco (ROPS)

2 Estruturas de protección fronte á caída de obxectos (FOPS)

3 Estruturas de protección fronte á penetración de obxectos (OPS)

4 Eirugas

5 Escadas retráctiles e agarradoiras

6 Adhesivos de seguridade

7 Interruptor de seguridade para porta da cabina

8 Saída de emerxencia e caixa de primeiros auxilios

9 Cinto de seguridade

10 Panel electrónico de control

11 Dispositivo de parada de emerxencia

12 Dispositivo de protección contra rotura da cadea (cabezal de corte)

13 Extintor

COMPROBA REGULARMENTE O FUNCIONAMENTO E O CORRECTO ESTADO DE TODOS OS ELEMENTOS E DISPOSITIVOS DE SEGURIDADE DA MÁQUINA

MEDIDAS PREVENTIVAS NA TÚA MAN





- Escolle o tipo de procesadora e cabezal máis axeitados ao terreo e traballo que vaias realizar.
- Antes de iniciar a tarefa, sinaliza os accesos á zona e percórrea para decidir a mellor maneira de levar a cabo os traballos, organizándoo en función das labores posteriores de saca.
- Asegúrate de ter boa visibilidade da zona de traballo dende a cabina e, se hai zonas con pouco campo de visión, designa un observador capacitado e cualificado.
- Respecta todas as indicacións do fabricante: inspeccións do cabezal, límites de carga...
- Asegúrate de que non haxa ninguén a menor distancia da recomendada polo fabricante especialmente ladeira abaixo se traballas en pendente.

- Evita procesar árbores na dirección da cabina.
- Non despraces a máquina en punto morto nin transportes outras persoas na procesadora.
- Durante os traballos en zonas en pendente:
 - Estaciona a máquina no sentido de máxima pendente para procesar as árbores, así gañas estabilidade na operación.
 - Recolle o brazo cando sexa preciso saír das vías de saca e te despraces polo monte.
- No caso de que se produzan avarías ou interrupcións do cabezal de corte é aconsellable:
 - Estaciona a máquina nun lugar seguro, co terreo estable e firme.
 - Pousa o guindastre no chan e libera a presión hidráulica, para o motor da máquina, desconecta o interruptor xeral e quita as chaves.
 - Revisa o dispositivo e repárao seguindo as indicacións do fabricante.
- Se a interrupción do cabezal ocorre durante a corta afasta a máquina, avisa ao responsable, baliza a zona e sigue as rutinas de mantemento especificadas polo fabricante.



SACA CON AUTOCARGADOR OU TRACTOR FORESTAL

AUTOCARGADOR



1 Estruturas de protección fronte ao envorco (ROPS)

2 Estruturas de protección fronte á caída de obxectos (FOPS)

3 Estruturas de protección fronte á penetración de obxectos (OPS)

4 Bogies con eixes oscilantes

5 Escadas e agarradoiras

6 Adhesivos de seguridade

7 Interruptor de seguridade para porta da cabina

8 Saída de emerxencia e caixa de primeiros auxilios

9 Cinto de seguridade

10 Dispositivo de parada de emerxencia

11 Extintor

COMPROBA REGULARMENTE O FUNCIONAMENTO E O CORRECTO ESTADO DE TODOS OS ELEMENTOS E DISPOSITIVOS DE SEGURIDADE DA MÁQUINA

SACA CON AUTOCARGADOR OU TRACTOR FORESTAL

ELEMENTOS DE SEGURIDADE NAS ADAPTACIÓNS DO TRACTOR AO TRABALLO FORESTAL



1 Protector do cárter

2 Sistemas de protección das válvulas e lamias reforzadas

3 Protector de radiador



4 Contrapesos dianteiros

5 Escadas e agarradoiras

6 Escudo protector da toma de forza



7 Gancho do remolque (o máis baixo e preto posible do chasis) con cadea de seguridade

8 Estruturas de protección fronte á caída de obxectos (FOPS)

9 Estruturas de protección fronte á penetración de obxectos (OPS)

(Non son elementos de seguridade, pero sí adaptacións do tractor ao traballo forestal, o guindastre e o remolque)


TODAS AS ADAPTACIÓNS TERÁN QUE CUMPRIR CO RECOLLIDO NA LEXISLACIÓN VIXENTE A EFECTOS DA SÚA HOMOLOGACIÓN




MEDIDAS PREVENTIVAS NA TÚA MAN

- Escolle os equipos de traballo axeitados ao terreo e á tarefa que vaias realizar.
- Sinaliza os accesos á zona de traballo e organiza as tarefas conxuntamente co persoal que vai realizar a corta polo pé.
- Planifica a ruta e comeza polas zonas máis complicadas para afrontalas en baleiro, xa que perdes estabilidade co aumento de carga.
- Planifica as zonas de amoreamento e as rutas para evitar a carga de madeira en terreo inclinado.
- Emprega guindastres nos que se indiquen as cargas máximas e o alcance, así como a distancia de seguridade para o resto de operarios.
- Asegúrate que a grampa é a axeitada para o guindastre da máquina, de ser o caso.
- Traslada a maquinaria co guindastre en posición de transporte e nunca con carga na grampa.
- Revisa a diario o estado das reixas e das carcacas de protección e o estado dos puntais, e repara ou substitúe os elementos defectuosos.

- Durante as operacións de carga e descarga de madeira:
 - Busca unha zona coa maior estabilidade posible do conxunto.
 - Verifica que non haxa ninguén dentro da zona de seguridade.
 - Evita movementos pendulares da carga.
 - Evita sobrecargas, ten en conta as cargas máximas permitidas para os diferentes alcances.
 - Comeza a carga polas toradas máis próximas para gañar estabilidade.
 - Non deixes nunca o posto de traballo con carga suspendida.





- No caso de ter que empregar o cabrestante faino cun procedemento establecido e ademais:
 - Asegúrate de que os equipos son os axeitados e están en bo estado.
 - Emprega o EPI axeitado, sobre todo luvas resistentes ao cable aceirado.
 - Respecta os ángulos de traballo indicados polo fabricante.
 - Mantén as distancias de seguridade nas operacións de corta e arrastre de madeira.
 - Lembra que o maquinista debe ver a carga durante toda a traxectoria de arrastre, ou axudarse dunha persoa experimentada que lle dea indicacións se a visión non é completa.

TRABALLOS POSTERIORES AO APROVEITAMENTO

EMPACADORA DE BIOMASA



- 1 Estruturas de protección fronte ao envorco (ROPS)
- 2 Estruturas de protección fronte á caída de obxectos (FOPS)
- 3 Estruturas de protección fronte á penetración de obxectos (OPS)

- 4 Escadas e agarradoiras
- 5 Adhesivos de seguridade
- 6 Saída de emerxencia
- 7 Reixas e carcadas de protección

- 8 Protección de válvulas das rodas
- 9 Dispositivo de parada de emerxencia
- 10 Interruptor de seguridade para porta da cabina
- 11 Extintor

COMPROBA REGULARMENTE O FUNCIONAMENTO E O CORRECTO ESTADO DE TODOS OS ELEMENTOS E DISPOSITIVOS DE SEGURIDADE DA MÁQUINA



MEDIDAS PREVENTIVAS NA TÚA MAN

- Verifica que non haxa ninguén na zona de seguridade recomendada polo fabricante.
- Respecta os parámetros de capacidade e servizo da máquina.
- Comproba periodicamente o estado dos dispositivos de alimentación, compactado, atadura e corte, e realiza os mantementos indicados polo fabricante.
- Evita o risco de incendio limpando as fugas de aceite, graxa ou calquera resto de material inflamable.

ESTELADORA

- Asegúrate de que non haxa ninguén na zona de seguridade recomendada polo fabricante.
- Cando a esteladora é de alimentación manual procura que a operación a realicen 2 operarios. Estes deben levar o seguinte EPI: casco con pantalla, lentes de protección, protectores auditivos, roupa de traballo axustada e de alta visibilidade, luvas e calzado de seguridade.
- Introduce os restos seguindo as indicacións do fabricante, cando o mecanismo acade a velocidade de servizo.



ROZADOIRA

- Verifica que non haxa ninguén na zona de seguridade recomendada polo fabricante.
- Mantén en bo estado os elementos de corte e as proteccións de seguridade seguindo as indicacións do manual do equipo de traballo.
- Antes de baixar do tractor pousa o apeiro no chan.
- Segue as indicacións do fabricante para as operacións de enganche e desenganche de apeiros.





TRANSPORTE

RISCOS

- Caída de persoas ao mesmo e distinto nivel
- Caída de obxectos por derruba ou obxectos desprendidos
- Caída de obxectos en manipulación
- Choques contra obxectos móbiles ou inmóbiles
- Golpes/cortes por obxectos ou ferramentas
- Atrapamento por ou entre obxectos
- Atrapamento por envorcamento de máquinas ou vehículos
- Sobreesforzos
- Exposición a temperaturas ambientais extremas
- Contactos térmicos (quemaduras)
- Contactos eléctricos
- Accidentes causados por seres vivos
- Incendio
- Atropellos ou golpes con vehículos
- Ruído e/ou vibracións
- Fatiga física por: posición, desprazamento, esforzo e/ou manexo de cargas



MEDIDAS PREVENTIVAS NA TÚA MAN

- Durante as operacións de estacionamento do vehículo:
 - Busca unha zona chaira, ampla e co firme compactado.
 - Detén o camiión, acciona o freo, apágao, calza as rodas traseiras e fixa os estabilizadores laterais comprobando que non haxa noiros, cavorcos ou barrancos a menos de 2 m.
- Durante as operacións de carga de madeira:
 - Sinaliza a zona advertindo dos traballos e verifica que non haxa ninguén na zona de seguridade.
 - Escolle un lugar seguro para o posto de mando onde non teñas risco de esmagamento nin de atrapamento polas partes móbiles do guindastre.
 - Se o posto de mando é elevado asegúrate que dispón de accesos seguros e que o asento está dotado de medios para impedir o risco de caída.
 - Evita movementos pendulares da carga e non deixes o posto de traballo con cargas suspendidas.
 - Coloca as toradas lonxitudinalmente evitando que superen a altura dos puntais.





- Durante as operacións de amarre:
 - Comproba o estado das cinchas ou cadeas e os puntos de amarre e comproba que todos os elementos auxiliares sexan compatibles e a súa capacidade adaptada ao traballo que tes que realizar.
 - Utiliza preferiblemente tensores con mecanismo de autotensado.
 - Evita subirte á plataforma.
 - Asegura ben a carga para evitar incidencias (desprazamentos, desprendementos...)
 - e adecúa o número de amarres á lonxitude das toradas.
- Nas operacións de descarga de madeira:
 - Sigue as pautas explicadas para o estacionamento correcto do vehículo.
 - Antes de iniciar a operación revisa o estado da carga: amarres, puntais e comportas.
 - Verifica que non haxa ninguén dentro da zona de seguridade.
 - Comeza a descarga pola parte superior traseira.

- No desprazamento por vías forestais atende os seguintes consellos:
 - Percorre previamente a vía atendendo ao estado xeral do firme e noiros, á anchura ou raios de xiro insuficientes, ás ramplas de pendente excesiva...
 - Antes de iniciar a condución pon o guindastre en posición de transporte, chequea a carga e recolle os estabilizadores.
 - Durante a condución adapta a velocidade ás características da vía e da carga.
 - En caso de atranco sinaliza a zona, analiza o problema e pide axuda se a precisas.
 - Se utilizas maquinaria de tiro, descarga parte da carga e evita a presenza de persoas na área de varrido do elemento de tiro.



A MULLER NO SECTOR FORESTAL

RISCOS

- Caída de persoas ao mesmo e distinto nivel
- Choques contra obxectos móbiles ou inmóbiles
- Golpes/cortes por obxectos ou ferramentas
- Sobreesforzos
- Exposición a temperaturas ambientais extremas
- Ruído e/ou vibracións
- Fatiga física por: posición, desprazamento, esforzo e/ou manexo de cargas
- Fatiga mental



MEDIDAS PREVENTIVAS NA TÚA MAN

- Evita o traballo en condicións de calor ou frío extremos. Hidrátate e bebe líquidos con frecuencia.
- Evita o traballo con maquinaria para reducir a exposición ás vibracións (especialmente as de corpo completo).
- Fuxe de ruídos molestos e intensos, especialmente a partir do 6º mes de embarazo.
- Evita sobreesforzos.
- Extrema as medidas de hixiene persoal durante o traballo.
- Evita caídas e golpes, especialmente a partir da 12ª semana de embarazo.
- Regula o ritmo de traballo ao teu estado e fai as pausas necesarias.
- Evita as posturas de traballo forzadas.
- Alterna tarefas na medida do posible.



VIXILANCIA DA SAÚDE

MEDIDAS PREVENTIVAS NA TÚA MAN

- A vixilancia da saúde é por lei (31/1995):
 - Un dereito de todos os traballadores, sendo obriga do empresario garantir esa vixilancia.
 - Específica en función dos riscos inherentes ao traballo, periódica, e voluntaria para o traballador (salvo excepcións).
 - Confidencial.
- É recomendable realizar recoñecementos médicos: iniciais, periódicos e tras ausencia laboral prolongada por motivos de saúde.
- O ISSGA presta este servizo de xeito gratuíto para traballadores autónomos. Se estás interesado cubre a solicitude e remítea a un centro do ISSGA.
- Infórmate nos centros ou na web:
issga.xunta.es





Instituto Galego
de Seguridade
e Saúde Laboral

galicia

